




A NOSA TERRA

Idearium das "Irmandades da Fala"

ANO MCMXXII



PRECIOS DE SUSCRICION: Na Cruña, mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 pe-
setas. América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adelantados

Redacción e Administración: Praza María Pita. 17. baixos. A CRUÑA

CERVANTES

Librería, Papelería e Imprenta

TELEFONO, 456

Rua Real, 49

A CRUÑA

FERRER



CLICHÉS PARA PERIÓDICOS,
REVISTAS ILUSTRADAS,
PROPAGANDA INDUSTRIAL,
RECLAMO DE ARTISTAS, &

REAL 61, CORUÑA

NOVELTY

Planchadeiro de moda - Grandes talleres

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrás: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12
VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursás na Cruña: Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Todal-as nosas sucursás ostentan un letreiro como sinal, que, reproducen a marca de garantía xa conecida.

Recíbense encárregos de fora, e-espídense por meio das nosas sucursás. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sívrase manifestarnos seus desexos de mandár os seus encárregos.

Os viños e coñas millores

os que exporta a casa PEDRO DOMEQ de **Xerez da Fronteira**, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouthe máis selecto

de mundial e reconocida sóna é o **Cinzano** (Torino).

Para viños de mesa

non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante excrusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera 39 e 41 - 2.º piso-A Cruña

Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BÓS AIRES

FUNDADO EN 1886

Capital. . . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (incaída prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursaes nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTE FÉ, BAHÍA BLANCA e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacións bancarias nas condicións máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por 100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas.,	3	» »
En prazo fixo de tres meses	3	» »
Idem id. 6 meses	3 1/2	» »
Idem id. un ano.	4	» »
A máis prazo		convencional

Dirreición telegráfica e telefónica: SPAINBANK.

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VI — NÚMERO 175 — 15 NADAL 1922

Espírito do Sol amanhecendo...

¡Terra de Tuy! ¡Terra de Guillarey!

Galiza inteira, a d'acá e a d'além o mar, voltouse aco-rante para vós; para miral-a nova luz, a luz do Campo dos Mártires, que tén de guiar as romaxes de mañán; para axoellarse diante do sangue que non callará endexamais, que terá a virtude d'outro San Grial para curar os nosos sofrimentos; para descubrir na noite de morte e de mal-dade, ese tremor pirmeiro, "espírito do Sol amanhecendo" que, dendes da outra veira do Miño cantou noso irmán Teixeira de Pascoaes, tremor que pasa pol-a alma dos pobos cando escomezan a comprender e a comprir os seus des-tinos.

Que ceguedade no cerebro e que friaxe no corazón, proclamades tamén, agros de Guillarey!

* * *

Falando nos mitins d'este vrán, conxuraba eu a to-dol-os que queren unha nova e millor vida para a nosa Terra, a cantos arelando o seu rexurdimento son capaces de donar un anaco do día de hoxe para gañar un mañán de saude e faguer un sacrificio pol-os eidos dos seus pais, para que acudiran á gran loita que se aveciñaba coas for-zas de reaición histórica e de sometimento constante que queren seguir abafando a Galiza.

E predecía que o encontro sería rexo e sen piedade pa-rra nós, e que non quedaría enemigo que non viñera tirar a súa pedra e a dar a súa lanzada no costado ou nas costas.

Pouco tardouse en mostrarse os sinais da grande ofen-siva preparada.

E para unha puna que é, que compre sexa profunda-mente política, na que ninguén mais que o pobo había de tér voz, e para responder a aquelas propagandas de cib-dadanía que levábamos ao agro, eles, botano mán dos mes-mos recursos con que rouban as eleicións: gobernadores, alcaldes, xueces, guardia civil, non esquecendo o ceibar as portas da lei para non ter que pisal-as.

E adrede elexino mozos novos, con anguria de medro, d'esos que arranxan o mundo furando e rachando nas me-

sas de café e poñen toda a concencia na nómina de cabo de mes, para que viñeran a "faguer o escarmento", a apertar, hasta afogalo o novo corazón que latexaba na Terra.

Eu non sei cando sinto mais desprecio, si ao mirar o executor que se vende, ou ao reparar n'aquelas mans que soio se amostran para pagar a venda.

Levan a ruina ás casas; botan as familias a pedir; encadean aos homes; non houbo dereito que non torceran nin razón que non acoucearan; e coma diante d'eles topa-ron sempre a serenidade, a impasibilidade, a fe, esas forzas impalpabres e incoercibles que espanden maor po-der canto mais se quere asoballar, para rematar d'unha vez, conviñeno a matanza do Campo dos Mártires, coi-dando que baixo d'aquelas pedras mouras, quedarían pe-chadas para endexamais as arbores do amanecer que tanto espanto puñan nos seus corpos.

Pobres tolos, que pensaban que se podía encerrar a luz do día; probes homes, condenados por Deus á pena terri-bre de carecer de sensibilidade.

Non pasará unha hora, nin un minuto na súa vida, sin que diante d'eles érganse—o peito en sangue, a testa en res-prandor—os galegos caídos en Sobredo; e ña Mai Terra, tan sofrida, tan aldraxada, tan querida, tamén erguerase do seu leito de secular inmovilidade nun berro de delor e d'alumbramento, para que xurdía a outa cume, a Santa Moriana, que será será pedestal para os héroes, e firme asento para chantar a nosa bandeira.

E dempois do espírito do Sol virá o Sol, flama acu-sadora, flama de gloria e flama de xusticia, e os seus rui-bens non deixarán de bicalos, a unha e mais aos outros, hastra que desapareza de sobre da Terra.

¡Adiante!

MANUEL PORTELA VALLADARES.

Barcelona, 9 Decembro 1922.

¡Xusticia...!

O corazón encollido pol-a dór! As máns crispadas pol-a caraxe! As meniñas dos ollos fitan ao ceo, piden xusticia! Mais ¡ai! a xusticia do ceo é tardía.

¡Non! Somentes a vinganza, o martirio d'esos cobardes asesinos pode apagar a sede de xusticia que sinten total-as concencias honradas, todos os homes de sentimentos.

Vampiros do xeneroso sangue Celta, decatádevos que estades sementando nos nosos corazóns un odio a morte que non tardará en se trocar en santa rebeldía, acuciando o desexo de vinganza que trocarase en sangue fría para ollar con pracer os vosos estertores, para gozar martirizándovos e vos negar o perdón que non merecedes.

A vinganza que piden os cadabres dos irmáns queridos, émulo d'aqueles outros mártires de Nebra, Narón, Sofán e Osera, non pode agardar pol-a xusticia do Ceo, non tén fé nos xusticieiros da Terra.

Si, xa temos unha bandeira: Os mártires. Unha patria: Galicia. Un exército: Os galegos. A vanguardia do exército tén que ser a mocidade tremolando a santa enseña da Patria co lema: ¡Xusticia, Xusticia e Libertade!

Non esquezades aquel berro do gran Cabanillas que dí:
¡Irmáns! En pé, sereos...

FERNANDO BLANCO.

Sobredo

A Hespaña oficial, nos estertores da agonía, asesinou á tres irmáns nosos de raza. Cairon mortos pol-os asalaria-dos ao servizo da podredume.

Aqueles galegos eran a encarnación da Galicia que rexurde vigorosa á nova vida.

E foi ás portas de Portugal, do libre irmán Portugal, que suspira saudoso pol-a Galicia, a irmá asoballada.

¡Qué elocuencia encerra este feito!

* * *

Unha muller, ¡sempre as mulleres!, perdeu alí a vida.
¡A muller galega! ¡Santa Rosalía!

* * *

O mesmo pasou na Irlanda.

Na Catalunya, un día o campo entrou na cidade e escribiu unha páxina gloriosa, xurdía.

* * *

Estamos no comenzo do fin.

O noso día, o día roxo da vinganza, está a chegar.

¡Irmáns! Preparémonos a recibil-o co corazón acugulado de ledicio.

VICTOR CASAS.

¡Sobredo...!

¡Eu teño qu-esquirbir unhas liñas, teño que falar de Sobredo, quero lembrarme de Sobredo!

Si fora poeta, esnaquizaría o meu corazón e convertíriao en froles recendentes, que cubriran a terra que os mártires regaron co seu sangue; si o meu misticismo fora tan emotivo, que fixera conmoover as almas que a idea

xunta, collería a miña lira xorda, tinta no sangue dos patriotas, e cal clarín de loita, chamaría aos celtas á guerra santa da libertade, e ao berro sagro de ¡Terra a Nosa!, acudirían os guerreiros da santa cruzada, com-os rebeldes bardos, cantaría, até alcender nos peitos galegos, o lume ardente da rebeldía, que promovera a revolta libertadora da nosa Patria; ¡mais eu non son poeta!

A roseira frorida da miña alma, está murcha n-estos instantes, cheia d-espiñas e tinta en roxo sangue; o meu corazón está de loito, tebras na miña alma, revolta no meu espírito e a retina cheia d-espanto.

¡Somentes penso na vinganza, somentes agardo a revancha! ¡Hay de vos, vampiros! ¡Tembrade, chuchadores do sangue da Galicia! ¡O día que os músculos do titán aprixeo o coitelo liberador, eu empuxareino con toda a forza dos meus pulmós! ¡Entón serei poeta, entón serei galego e como pregaria vindicadora, gritarei: Osera, Sobredo, Nebra, Narón e Sofán!

TOMÁS RODRIGUEZ SABIO.

A Cruña.

Sementando

A torpeza do Goberno centralista, que desconoce os problemas inturos de cada rexión e resolve as cuestións coa imposición das armas, como se as forzas armadas tivesen por único oxeto apoiar á tiros total-as arbitrariedades é total-as cobizas dos caciques, fixo escuar unha vez mais en Galicia o sangue dos labregos, que sendo de dereito os donos das terras que cultivan co seu traballo, son de feito escravos que recollen os froitos dos campos para que os señores vivan d'eles.

Contra tal inxusticia, contra tal infamia, revóltanse as concencias de todol-os homes honrados; e un berro forte, carraxento, erguese ao ceo coma unha maldición, coma unha ameaza tamén de futura e posibre vinganza despiadada.

Os cadáveres que as balas tumbaron no chán, inspiran a veneración dos mártires e fan nacer nos peitos as fondas xenreiras en contra da vileza, do asesinato cometido por quen, sabéndose á cuberto de castigo, alardea de matonismo e se ensaña cobardemente cos indefensos: indefensos por falta de armas e por falta de xusticia que os ampare.

Mais, a Historia do mundo, se está chea dos berros de anguria que lanzaron de cote os oprimidos, tamén adoito amóstranos que os pobos sábense procurar a libertade que lles non conceden, e cando chegan eses momentos, ¡ai, dos opresores!

Estas traxedias que de cote vénense realizando pol-os campos de Galicia, son unha semente de rebeldía que regada co sangue, froitificará, ¡froitificará!

LEANDRO CARRÉ.

Lea vostade o próximo número de

A NOSA TERRA

Leonardo Coimbra

O gran filósofo portugués, noso moi distinto e admirado amigo, acaba de ser nomeado ministro de Instrucción no pobo irmán. Xá é a segunda vez que Leonardo Coimbra ocupa tan elevado posto e o pobo portugués lembra a gran labor que dende aquel cärkeo realizou da vez anterior. Non imos falar agora de quen é Coimbra, pois xá ben coñecido é dos nosos lectores e tamén do pobo galego. Cómprenos somentes adicarlle estas verbas de agarimo e lembrar con lembranza fôrtemente saudosa o seu viaxe a Galicia do que gardamos moi gratos recordos e que nos deparou ocasión de coñecerlo de cerca e entabrar con él unha sinxera amizade de irmandade. Coimbra é dos portugueses ilustres que están realizando a obra grande de unión espiritual entre o pobo portugués e o noso. Coimbra é un sabio e un fervente patriota e dende o cärkeo para que foi nomeado haberá de facer unha meritoria obra.

A "Irmandade da Fala" na Cruña envioulle un telegrama de felicitación á que nós asociámonos con entusiasmo e sinceridade.

Use vosté papel de fumar

NOROESTE

Unha conferencia de Basilio Alvarez

No Ateneo de Madri deu unha conferencia o incansable loitador agrario Basilio Alvarez o 1.º dos correntes. Versou sobre o caciquismo galego e os sucesos de Tuy. Foi unha conferencia valente, na que fustigou duramente aos caciques galegos e aos causantes do sanguento crimen cometido en Sobredo pol-os guardias ao servizo do caciquismo salvaxe de Tuy. Falou do actual rexurdimento galego e abogou por unha Galicia libre, grande e dona dos seus destinos.

No centro da Hespaña, no cubil onde se laboran as grandes calamidades hespañolas, onde viven o caciquismo e a immoralidade amparados pol-o oficialismo corrompido e noxento, resoou a voz potente, chea de verdade, de Basilio Alvarez.

Ao final da conferencia houbo vivas a Galicia libre, á República galega e outros pol-o xeito que atronaron os ouvidos dos grandes caciques galegos e dos habitantes da vila podre.

A "Irmandade" da Cruña enviou un telegrama de felicitación a Basilio Alvarez, ao que él contestou con outro moi entusiasta. Nós, que ollamos con moito agarimo e con crecente intrés a labor que Basilio está realizando no campo galego, felicitámol-o tamén pol-a súa conferencia e reiterámoslle a felicitación que xá outras veces tēmoslle dirixido, por aquela campaña viril e forte que fai tremar aos caciques galegos e axunta aos nosos labregos n'un ledo despertar prometedor de grandes cousas.

Duas exposicións

En Ourense acaba de expoñer agora as súas obras o noso querido irmán o gran paisaxista Imeldo Corral. Según lémos na prensa d'aquel pobo, gustou moito a obra de Imeldo, pol-o que ten recibido moitas felicitacións, á que engadimos a nosa.

Tamén en Vigo o dibuxante ourensán M. Méndez ten aberta unha exposición que está sendo moi gabada pol-a crítica. O día da inauguración deu unha conferencia o cultísimo escritor nacionalista Euxenio Montes. Na clausura, o día 7, dará outra o noso colaborador e irmán Luis Amado Carballo.

A nosa embora a todos.

En poucas verbas

Ao romatal-a armazón do primeiro raña-ceos da península en construción na Cruña, á carón do erásico loureiro colocado no coroamento do edificio, desfaldouse ao vento a bandeira galega.

Nestes tempos de rexurdimento da conciencia nazonal é un bon síntoma.

E tamén un símbolo.

A representación da personalidade galega destacando por riba de todo, no mais monumental edificio da cibdade, parece indicar que d'agora en diante total-as grandes empresas serán posibles, e Galicia trunfará libre, rica, potente, pol-o esforzo dos seus fillos que teñen xa o espírito ergueito e o pensamento posto na grandeza da Terra.

Todo o mundo horrorizouse dos fusilamentos de ministros na Grecia.

E todol-os Gobiernos protestaron en contra d'eles.

En Galicia véñense fusilando sen motivo os labregos; mulleres e nenos inrusive, e ninguén protesta.

Aos gobernantes interésalles dispór da orde de matanza; mais lles non convén que poida haber posibilidade de que os poñan diante dos fusiles.

O exempro de Grecia debíase imitare.

Xa veríades como así romatábase para sempre cos desastres, e hasta coas guerras.

Mais, no Madri apodrecido, pecharanse as Cortes, e as responsabilidades quedarán no ár.

Despois do de Cuba, xa, que vai á nos importar a insignificancia do de Marrocos.

E pesia todo, os tantas veces fracasados siguen "gobernando" e cobrando, e viven tan ricamente.

Os miles de infelices que morreron pol-a súa culpa... ¡Bah!

En Lugo, Santiago, Villalba... fixéronse festas, tocaron músicas, botáronse foguetes porque Rodríguez Viguri foi nomeado ministro.

Se fose un ministro "galego", que fixera algo pol-a súa Terra, estaría ben tanto rebumbio e tanta ledicia.

Pero, Rodríguez Viguri só sería un mais dos moitos ministros que nasceron en Galicia, pero que foron sempre "sagastistas", "mauristas", romanonistas", etc., etc.

Galegos, endexamais.

¡E para eso...! Tanto ten que o seu paso pol-o ministerio fose de un día.

Fume vosté con papel

NOROESTE

A PROTESTA DAS IRMANDADES

O grandioso mitin da Cruña

Diante dos infames asesinatos cometidos pol-os caciques en Guillarey todol-os galegos de conciencia limpa pensaron que son chegadol-os momentos de tomal-a xusticia pol-a mán; pero sin perxucio de que a xente honrada teña que defenderse d'agora en pra diante a tiros das acometidas dos caciques, como se defende un do lobo ou dos ladrós, Galicia non podía deixar pasar un instante sin deixar ouvir a sua voz de condenación, que resoáse robusta en todol-os recunchos onde latexe un corazón galego.

Deste xeito o entendeu a Irmandade da Fala da Cruña, e de camiño tratou de celebrar un mitin no teatro "Linares Rivas", o mais amplo local d-esta cidade. A Federación Provincial Agraria prestoulle o seu mais entusiasta apoio, e o mitin celebrouse o domingo día 3 coa asistencia, en número e representación, mais nutrida e valiosa de cantas se teñen lembranza en actos análogos. A Irmandade coupolle a honra da iniciativa; pero con orgulo patriótico temos que dicir que non foi un mitin da Irmandade, sinon un mitin de Galicia enteira, que d-un xeito ou d-outro atopábase copiosamente representada n-unha cordial fusión de ardorosa solidariedade, n-unha comunión de sentimentos como non se lembra ningunha outra.

Non queremos alongal-os comentarios por falla de espacio. Imos facer coa maior brevedade a reseña do acto.

O mitin.

O teatro "Linares Rivas", o meirande de Galicia, era incapaz para tanta xente, que se desbordaba por todol-os recunchos e pasillos. Había representacións de mais de trinta Sociedades agrarias, cuías comisións non nomeamos porque resultaría una lista interminable; tamén estaban representada a Confederación Regional Agraria e a Irmandade Nacionalista Galega.

Recibíronse adhesións de moitos pobos de Galicia e de ilustres persoalidades; a pesar de que o mitin non puido ser anunciado mais que con tres días de anticipación.

Presidiu o acto o presidente da Irmandade da Fala, irmán Jhoan V. Viqueira, ilustre profesor de Filosofía.

Os ouradores.

Iniciou os discursos o Sr. Viqueira c-unha fervorosa alocución, explicando a finalidade do mitin.

Siguieo despois o Sr. Alfonso de Cal, abogado, redactor do "Noroeste" e gran loitador agrario. Condenou os atropellos cometidos pol-os caciques de Bugallal coas Sociedades agrarias de Tuy. Fixo ver como a traxedia de Guillarey é continuación da serie de asesinatos cometidos

pol-os caciques en Galicia baixo o amparo das autoridades n-un sistema de barbarie política que non tén precedentes no resto de Hespaña. Proclamou a necesidade da independencia de Galicia, para quen o Estado centralista non é mais que un estigma.

O Sr. Peña Novo, concellal nacionalista, comenzou dicindo que a muller asesinada en Guillarey é un símbolo glorioso da muller galega forte e garimosa, que pasa a través da vida soportando con austera maxestade a traxedia meirande d-estos tempos, e que a sua frase de que deixa cinco fillos que saberán vengal-a é un berro da nosa Terra malferida que nos pide a todol-os galegos un xuramento de venganza.

Falou do desastre de Marrocos e dixo que ali se perdera a dinidade, e todol-os valores morales que son a razón da existencia d-un pobo; por iso Hespaña está sentenciada a morte na Hestoria, e por iso nada valen as protestas n-un Estado que está vivindo con deshonor. Por iso o mitin é mais que un acto de protesta: e unha espléndida manifestación da persoalidade de Galicia, que se xunta en convención para dicirlle ao Estado hespañol que desde agora recabamos a nosa independencia para rexir os nosos destinos.

Fixo historia do problema dos foros para demostrar o réximen de escravitude xurídica que agrilloa a economía galega. Atacou feramente ao ministro de Gracia e Xusticia, e rematou pido a xuntanza de todol-os galegos para recabar a soberanía da nosa Terra.

O Sr. Martín Martínez, segredario do Auntamento da Cruña e presidente da Sección de Cultura do "Circo de Artesanos", a Sociedade mais numerosa de Galicia, dixo que a traxedia de Guillarey non era mais que un sintoma da política noxenta que abafa a Galicia, que para a nosa Terra o gran problema actual é un problema de liberdade e de dinidade; por iso faise preciso que todol-os galegos de sentimentos democráticos e enxebres se xunten para constituir un Parlamento galego, vibrante e decidido, que imponha ao Poder central a vountade soberana de Galicia.

O Sr. Quintanilla, do Ferrol, en nome da I. N. G., que asistiu ao mitin por delegación expresa do Conselleiro Supremo d-aquela entidade, demostrou con frases gráficas e convincentes a absoluta esterilidade do parlamentarismo hespañol. Mostrouse partidario da acción directa contra dos caciques e dixo que cando caía algún nacionalista ame-trallado por mandato dos caciques, tamén éstos han de caer e pagarán as suas culpas, ollo por ollo e dente por dente. Dixo que a culpa do de Tuy non era samente de Bugallal: o úneco culpable é o Estado hespañol, eterno ene-

migo das liberdades galegas, que nunca serán unha realidade mentras non acabemos c-o ise Estado, a quen todolos galegos debemos declarar guerra a morte.

O Sr. Lugrís Freire, con atinadas comparacións, atacou aos que botan-a culpa dos sucesos de Tuy aos propagandistas agrarios; esa é a disculpa que dan todol-os asesinos, de que non matañan á xente si ésta se deixase roubar sin defenderse.

O Sr. Rodríguez Culebras, profesor de Santiago, delegado da Confederación Regional Agraria, cantou un hino á Cruña, berce das liberdades e da democracia galegas. Expuso elocuentemente os atropellos que de cote sufren os labregos e rematou pido venganza contra dos asesinatos de Guillarey.

O Sr. García Acuña, director de "El Noroeste" e presidente da Federación Provincial Agraria, dixo que diante dos mortos de Guillarey non podía pensarse mais que en utilizar os mesmos procedimentos, porque si no Código penal hay un artigo que condena o asesinato, tamén hay outro que autoriza a lexítima defensa.

Manifestou que n-este caso debíamos ter presente o exemplo de Grecia, pero que si os hespañoles ao liquidar as responsabilidades de Marrocos se esquecían d-aquel exemplo, os galegos, cando os nosos caciques queiran volver de Madrí para seguir atropellándonos, debemos poñer en Que-reño, nas fronteiras da nosa Patria, un anuncio que diga: "Non podeades pasar, peligro de morte".

Resumeu os discursos, dando fin ao acto, o presidente, Sr. Viqueira, con verbas moi axeitadas dicindo que Galicia, con serenidade, con civismo e democracia exemplares reclama xusticia dos Poderes constituídos; pero que coa mesma serenidade, segura nos seus destinos e no seu ideal os emplaza para dicirlles que si non se fai xusticia, Galicia está disposta a utilizar todol-os procedimentos de violencia para conquistar os seus dereitos e facer respetal-as suas liberdades de pobo civilizado.

Rematou con un "¡Viva Galicia libre!", que foi unánimemente contestado.

Todol-os ouradores foron moi apraudidos, e o entusiasmo do público exprotaba en continuas ovacións. Poucas veces ten habido un acto tan imponente.

No derradeiro deuse leutura ás seguintes conclusións, que o público ovacionou posto en pé, e que foron levadas ao Goberno civil por unha comisión.

As conclusións.

1.ª Reclamar do Goberno a inmediata liberdade de todol-os labregos detidos na provincia de Pontevedra.

2.ª Que se ordene a suspensión inmediata de todol-os embargos provocados por falla de pago das rendas forales, namentras os Gobernos non resolvan-o problema dos foros.

3.ª Destitución do xuez e teniente da Guardia civil que interviron nos sucesos de Tuy, así como dos gobernadores d-Ourense e Pontevedra.

4.ª Reclamar do persidente do Consello de ministros, que non volvan a sel-o os dimitidos da Gobernación e Gracia e Xusticia.

5.ª Que as leis d-Asociacións e Reunións públicas señan respetadas íntegramente pol-as autoridades, e que podan funcionar inmediatamente con total-as garantías as Sociedades agrarias de Pontevedra e Ourense.

6.ª Pedir ao Goberno que se abra unha información sumarial para esixir responsabilidades penales a todol-as autoridades que interviron nos sucesos de Tuy.

7.ª Que se resolva inmediatamente pol-os Gobernos como problema inaprazable, urxente e como cuestión de dinidade para Galicia, o problema dos foros, no senso de que sean abolidos e sin que ningunha solución supoña novas cargas para o labrego.

8.ª Por seren as Diputacións orgos que na práctica non teñen mais función que desfacer e matar total-as actuacións políticas e cidadañas, reclamar a supresión das Diputacións provinciales e a creación d-un úneco Poder Galego.

Tamén se acordou abrir unha suscripción para as familias das vítimas e cuílos donativos recíbense na Irmandade e na Redacción do "Noroeste".

Na Irmandade de Villalba, ao ter conocimiento deste acordo, no domingo día 10, puñéronse na porta da Igrexa os irmáns c-unha bandeira galega con crespón de loito a pedir as xentes que iban á misa, e xuntaron mais de cento vinte pesetas.

Iste exemplo debera imitarse en total-as vilas de Galicia.

* * *

O Concello da Cruña, a proposta do inmán Peña Novo, acordou por unanimidade protestar contr aos sucesos de Sobredo e pedir a depuración das responsabilidades motivo dos sucesos que deplora Galicia enteira. O alcalde telegrafiou n-este senso ao novo Goberno.

Anúnciese vostede en

A NOSA TERRA

En col de dous artigos

Despois dos dous artigos publicados no derradeiro número d'A NOSA TERRA, fican de "feito" deslindados os terreos dos nazionalistas galegos.

Nazonalismo cultural, ó da "I. N. G."

Nazonalismo galego, o das "Irmandades da Fala".

Eu chamaríalles de outro xeito. As Irmandades da Fala, comenzaron unha varuda campaña—ao fundárense—no senso sempre patriótico da esaltación do idioma e costumes galegas.

Desenroláronse con tanta intesidade, e tan axiña estos dous "escollos", que aqueles que no comenzo ríanse de nós, fai xa tempo que se teñen decatado que oxe facemos inclinar a balanza sobre o lado que nos vaíamos.

Agora ben, conquistado esto, ¿non tiñamos mais que facer?

Xurdiu pois axiña o que todos sabedes, aqueles momentos de intensidade que nós provocamos coa nosa ida a Cataluña, e que trocouse en cousa inda non igualada oxe por ninguén, na chegada dos emisarios catalás a Galicia. ¡Momentos xurdidos para a causa foron aqueles! nos que o mesmo no adro que na vila ou na cidade, se non ouvía falar de outra, momentos aqueles nos que habíase feito o "milagre" de sentírense galegos—todol-os galegos—, en que as esxaltacions patrióticas do amor á Terra chegaron ao seu cume e... que por causas que nonos son alleas, non se aproveitou de aqueles momentos de labarada, mais que as cinzas.

Veu dispois, a "Histórica Asamblea de Lugo", na que se fixeron os verdadeiros cimentos, as pilastras, sobre ás que debíanse fundamentar e rexir as Irmandades da Fala, tan gratos desexos deixou no ánimo de todol-os que tivemos a sorte de tomar parte, esta primeira asamblea, que fumos cheios de ledicia e con fé cega á nova e segunda Asamblea en Santiago, e logo foi a terceira en Vigo, e derradeiramente a xuntanza de Monforte — que eu non quero chamarlle asamblea—digna de millor sorte, e na que por fortuna para nós, fixose o milagre de poder arredarnos de aqueles a quen nos dabamoslle sombra.

Dos acordos da xuntanza de Monforte que nos non acatamos, a "I. N. G." ¡inda non-os dou imprentados!

En troques de todo isto, "Nós", "As Irmandades da Fala", seguimos o noso camiño levando sempre por bandeira o programa de Lugo.

Laboramos niste ano mais que nunca.

Temos mais irmáns que nunca.

E sobre todo temos mais azos para loitar que nunca.

Por eso decíavos eu ao començar estas liñas que o movemento podíase chamar de outro xeito, que eu chamaría:

I Nacionalismo cubista (coído que esto do cubismo inda non está claro).

II Nacionalismo clásico (está esto claro).

Pois abonda por oxe.

FEDERICO ZAMORA.

TEATRO GALEGO

Escola Dramática Galega

Os entusiastas rapaces que a forman siguen colleitando novos e moi merecidos éxitos. O día 2 representaron na "Irmandade" o xuguete de Leandro Carré "Tolerías" e a graciosa comedia "Os moniereques".

Como en total-as veladas, o público que cada vez acude a elas con mais interés, aplaudeu moito aos encarregados de representar as duas obras.

* * *

Un gran acto formidablemente nacionalista resultou a velada que a "Escola Dramática Galega" deu no local da "Irmandade" o día 10.

Representouse o grandioso drama en dous actos "A Ponte", do noso irmán o gabado dramaturgo Luguís Freire.

"A Ponte" estrenouse na Cruña fai 18 anos e dende entón non se tiña representado mais veces. Trátase d'un drama fortemente anticaciquil de gran actualidade nos momentos de hoxe.

Denantes de començar a velada o irmán Luguís dirixiu unhas palabras ao público que enchía completamente o local hasta o punto que houbo que pechar as portas por non haber sitio para colocar á xente. Quedou moita fora.

Luguís explicou a tesis da obra e fixo un pequeno pero entusiasta discurso francamente nacionalista. Explicou a tesis da obra e falou dos sucesos de Guillarey, decindo que o problema que pranteou él na "Ponte" fai 18 anos, aínda se non resolveu en Galicia.

Rematou cantando unha Galicia grande e libre. O público acolleu con entusiasmo as suas verbas e apraudiuno moito.

A interpretación da obra resultou francamente insuperable. As dúas rapazas Rosa Martínez e Consuelo Varela, os rapaciños Leandriño Carré e Fernandiño Esparza e os irmáns que levaron a obra á escena portáronse como actores feitos e dereitos, colleitando unhas ovacións moi merecidas. Ao final dos autos foi chamado á escena o autor, que foi ovacionado.

O público saíu da velada entusiasmadísimo, loubando grandemente a labor da "Escola Dramática Galega" e pedindo a repetición de "A Ponte".

Como decimos mais arriba, o acto resultou lucidísimo e sobre todo nacionalista en todol-os aspectos. Actos como este fan falla moi a cotío pois púlsase admirablemente o estado de galeguismo nas xentes que estase vendo que cada día está mais desperto.

Papel de fumar

N O R O E S T E

IRLANDA

Fai moito tempo que non falamos do que pasa na nosa irmá de Raza. Irlanda está vivindo agora os días mais duros e difíciles da súa axitada e tristeira vida.

De Valera, o gran patriota, que cobiza unha Irlanda independente, libre en ausoluto, declaróuse enemigo do tratado derradeiro no que Inglaterra concede a Irlanda unha autonomía amplísima. A constitución do Estado libre de Irlanda. Movilizou aos beneméritos patriotas disconformes tamén co tratado e perfectamente armados declararon a guerra aos ingleses que ocupan cargos oficiais na illa irmá e aos mesmos irlandeses partidarios do tratado.

Agora, fai días, de Valera dixo que si n'un prebiscito verdadeiro e legal decaírase o pobo irlandés partidario da constitución do Estado libre, él e os seus depoñerán a súa actitude. Non sabemos si Inglaterra aceptará a nobre idea de de Valera. No caso de que se leve a cabo o prebiscito non sabemos tampouco como se manifestará o heroico pobo irlandés para quen xá vai sendo hora que veñan os días ledos e felices que tan merecidos tén.

Por outra parte, os irlandeses siguen dando ao mundo mostras de patriotismo elevado e xeneroso en ningures igualado. O Goberno inglés condenou a morte e xá se cumpriu a sentenza, a un irlandés, Childers. Hasta o momento da súa morte deu mostras d'unha serenidade e patriotismo formidables.

De Valera xurou vengar a morte de Childers.

Duas irmáns do alcalde de Cork, cuxa morte en aras de Irlanda sobrecolleu ao mundo, están encarceradas e seguindo o exemplo do seu irmán practican a folga da fame. Seguirán o camiño glorioso que lles marcou o irmán patriota, camiño que só as almas acésas níun santo amor pola Patria e n'un gran espírito de sacrificio patriótico poden percorrer. E d'este xeito, Irlanda vive, como deixamos dito, os días mais difíciles da súa vida sin saber aínda cal será o seu porvir.

Nós, os nacionalistas galegos, representación da alma da verdadeira Galicia, da nosa Patria, irmá de sangue e de raza da martir Irlanda, ollamos sempre con agarimo e intrés como se vai desenvolvendo a súa vida e no noso corazón de celtas aniña unha Irlanda libre e grande que sexa o faro luminoso que guíe nosos pasos no difícil e espiñado camiño da redención da Nai Terra.

LECTURAS

"Nós".—Ourense.

O número 13 que temos á vista é un dos mais interesantes que se teñen publicado. Publica orixinas de Amador Vilar, Xán Azuar, Florentino L. Cuevillas, Enrique Peinador, Goal, Euxenio Montes, notas da redacción, a sección "Os homes, os feitos e as verbas" e o noso formidable Castelao sigue contando as impresiós por él recollidas no viaxe por Europa que realizou fai pouco. N-este número fala da súa estada en Bélxica, do xeito amenísimo que él escribe. Trae ademais este número un bonito e ben feito augaforte de Xulio Prieto e un dibuxo cubista de Méndez.

Este número de "Nós" vendéuse moi ben.

"Céltiga".—Ferrol.

O número 8 d'esta notabre revista literaria publica en galego unha fermosa novela curta da distinta poetisa doña Francisca Herrera Garrido, a conocida autora de "Néveda", titulada "A alma de Míngos".

Ilustra esta novela o notabre pintor coruñés Manuel Abelenda, que fixo para este número unha apreciosa portada a tres cores.

"A alma de Míngos" é unha historia traxica de amores na que o elemento supersticioso é decisivo na obra.

Ao final da obra publica "Céltiga" un vocabulario coas palabras menos conocidas da novela. Véndese "A alma de Míngos" a 0,30.

O próximo número de "Céltiga" publicará unhas versos inéditos do admirabile poeta D. Eladio Rodríguez González. Será ilustrada pol-o dibuxante Núñez Carnicer. Levará por título "Raza e Terra".

Compañía Naviera "Stinnes" (Hugo Stinnes Linien)

HAMBURGO

Servicio regular de vapores correos a os portos do **Brasil, Montevideo e Bos Aires**

Proximas saídas da Cruña

Vapor correo **Xeneral Belgrano** 16 de Nadal

Ademitindo carga e pasaxeiros de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

Precio do pasaxe en terceira especial: **Plas. 482'10**

Id. id. id. ordinaria: **» 407'10**

(Incluídos todos os impostos)

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta **Axencia CINCO DIAS** antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse, ao Axente da Compañía:

Roxelio Fernández Conde - Feijóo, 4-baix, — A Cruña

Xosé Patiño

Bordados Artísticos
Xogos de cama Confeccións
Equipos para noivas

San Felio, 20-Apartado, 37

Palma de Mallorca

Paulino Freire

BOUZAS - VIGO

Sucursaes: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa
Aparellos, armados e en panos, para
barcos pesqueiros
Malletas de abacá e cáñamo alquitra-
nado—Cables de aceiro, ingleses
Aceites minerás e vexetaes, e surtido
compreto para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA —

Fábrica de Xergóns
e catres metálicos

ORZAN, 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

EFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña. Mil-
taF, vapores, barcos de vela e pescadores.

“Patente-Salvavidas”

O mellor para pintar os fon-
dos dos barcos. Ganou Di-
ploma de Honor, Gran pre-
mio e medalla de ouro nas
Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell
VIGO-CRUÑA

ZINCKE HERMANOS
LIBRERÍA — PAPELERIA

IMPRENTA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— A CRUÑA —

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos estabre-
cimientos da súa cras que mais honran a Gali-
cia. Montada con arreglo aos derradeiros adian-
tos.

Alfredo Lastres Canosa

“La Encajera Española”

Fábrica de encaixes de fío
Tecidos a man. Especialidade en
aplicacións

Exportación Ibero-Americana

Almagro (Ciudad Real)

Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxei-
ros Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

Fillos de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Grandes Almacés de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRETERÍA E CONFECCIÓN

Inmenso surtido en Panos da Rexión
e Estranxeiro. Confeciónanse toda crás
prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 266

A CRUÑA

Sobriños de José Pastor

BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

Quen non teña luz eléctrica pódela ter ainda mais
brillante e branca pol-o ACETILENO, producida
pol-o xenerador e totalizador helióxenos. Novo
aparato hispano-argentino sistema

FREY-TORS e GONZ-LAG

Premiado na exposición do centenario Arxentino en 1910.
Gran diploma d'honor na Exposición Muestrario da Cru-
ña en Agosto de 1919

Liras, Tulipas, Boquillas, Brazos e Arañas

Venda de Carburos

FREIXEIRO e FILLO - Cordoneria, 10, baixo - A CRUÑA

COMPANHIA CHARGEURS REUNIS

E

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Para Montevideo e Bos Aires, sin escalas no Brasil, o día 17 de Nadal sairá da Cruña en viaxe rápido o magnífico vapor

DUPLEIX

PRECIOS en terceira crás: 407'10 — Terceira cabina, 427'10 — Terceira preferente, 482'10.

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, o 30 de Nadal fará o seu primeiro viaxe o soberbio trasatlántico de 16.000 toneladas de desprazamento e dobre hélice,

MEDUANA

Neste fermoso buque coidaranse con tanto esmero as instalacións de primeira e segunda crás como as de terceira que son modelo de bon gusto e comodidade nas suas diferentes categorías.

PRECIOS: En primeira crás para Bós Aires, 1.150.— Segunda, 898.— Terceira preferencia para Bós Aires, supremento de 75 ptas. sobre o precio de terceira ordinaria.— Terceira cabina, supremento de 20 pesetas sobre o precio de terceira ordinaria.— En **Terceira ordinaria, 397'10 ptas.** — Os precios de 1.^a e 2.^a crás están suxetos as variacións do cambio e enténdense con exclusión dos impostos.

Facilitarán toda crás de informes os seus Axentes xenerás na Hespaña,

ANTONIO CONDE Fillos - Plaza de Ourense, 2 - A CRUÑA Telegramas e telefonemas: "Chargeurs"

Garage ALONSO

DE

Alfredo Alonso, S. en C.
LA CORUÑA

GARAXES { Betanzos, 3
Rosalia Castro, 1-3-5
Xoán Flórez, 138

Oficinas e despacho:

Xoán Flórez, 55 e 57

Dirección Telegráfica
e Telefónica:

Garaxe "ALONSO"

Teléfono urbano:

Oficinas, núm. 417

Garaxe, núm. 517

Liña directa coa inter-
urbana

Conta corrente cor:

Banco de Hespaña

Banco Hespagnol do

Rio da Plata

Banco Hisp. Americ.^o

Sobriños de J. Pastor



IMPORTACIÓN DIRECTA

Representación exclusiva das marcas MINERVA, ESSEX,
HUDSON, BIGNAN SPORT

Servicio regular de autocamiós de transporte entre a Cruña Santiago,
e viceversa

Automóviles

Accesorios
Neumáticos

Bandaxes macizos
«CONTINENTAL»
con prensa hidráulica
para o seu montaxe

Aceites e graxas
das
Mellores marcas

Automóviles
de alquiler

Comisións
e
Representacións

GASOLINA
ventas ao por
maior e menor

OS MAIS IMPORTANTES GARAXES DE GALICIA

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade \equiv Servicios directos dende o porto da Cruña

Próximas saídas **DIRECTAMENTE** da Cruña

Vapor Espagne 23 de Nadal

	PRECIOS EN CÁMARA	HABANA VERACRUZ	
		Ptas.	
Primeira crase (varias categorías)		1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda crase		» 1.250 a 1.275	1.300 a 1.325
Preferencia		» 825	875

Precios en terceira, incluídos impostos: Habana, pesetas 565'50, Veracruz 602'50

A estos precios hai que anadir os impostos

Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.

Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

D. NICANDRO FARIÑA, Rúa de Compostela, esquina a Praza de Lugo—A CRUÑA

Lloyd Real Holandés

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RÁPIDO A AMÉRICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para **Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos Montevideo e Bos Aires,**

Orania 2 de Nadal

Flandria 16 de »

Admíten carga e pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

Precio do pasaxe en 3.^a cras, **Ptas. 400** más impostos.

NENOS, menores de 2 anos, gratis; de 2 a 5 anos, cuarto pasaxe; de 5 a 10, medio pasaxe; de 10 anos, pasaxe enteiro. Para cumprimentar as disposicións arxentinas é indispensable que todo paraxeiro presente a documentación con **5 días** de anticipación a data de saída

PARA PRECIOS DE CÁMARA e prazas disponibles o **Agente General da Compañía en España:**

D. Raimundo Molina e Couceiro, -Consignatario Representante xeneral da Compañía en Hespaña.—**Marina, 22—A Cruña**

BANCO HISPANO-AMERICANO

MADRID

Capital: 100 millós de ptas.

Direición telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Compra e venda de valores hespañoes e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todol-os países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionais e extranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abona intreses aos tipos seguintes;

2	por 100	ao ano nas cartas disponibles,	â vista.
2 1/2	por 100	id. id.	a 3 meses data.
2 3/4	por 100	id. id.	a 6 id.
3	por 100	id. id.	a 1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.